

# **POSICIÓN CIG-ÁREA PÚBLICA AO RESPETO DAS PROPOSTAS FEITAS POLO GOBERNO DO ESTADO ESPAÑOL PARA INCLUIR NA LEI DE ORZAMENTOS DO ESTADO PARA 2018 MESA XERAL DAS ADMÓNS PÚBLICAS do 21-09-2017**

Nestes últimos días asistimos a unha serie de informacións en prensa sobre as xuntanzas que algunhas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Administracións Públicas estaban tendo co Ministerio de Facenda e Función Pública, e que fan referencia a distintas materias a incluír no Anteproxecto de presupostos do Estado Español para 2018 e que teñen que ver co Emprego Público, o Incremento Retributivo e a posible Recuperación de Dereitos laborais, está anunciada xuntanza da Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas para hoxe día 201 de xetembro ás 16 horas, dende CIG-Área Pública manifestamos o seguinte:

Antes de comenzar a exposición que fará a CIG-Área Pública quero darlle as “grazas” a Javier Pérez Medina, Director General de la Función Pública, que polo menos trasladounos no día de onte a tarde os posibles contidos de esta mesa xeral, antes da propia mesa como viña sendo xa habitual que hasta que estivesemos aquí sentados non avanzaran nada, e de comunicarnos que a intención é a de escenificalo como o acordo anterior- asinar pola mañá acordo coas OOSS estatais e ratificar este acordo pola tarde na Mesa Xeral. Queremos manifestar o noso rexeitamento a que por parte da administración non fóramos chamados a participar en ningunha das conversas previas que tivo coas outras OOSS e que nós formamos parte tamén da Mesa Xeral. Recordarlle a Administración que as reivindicacións da CIG-Área Pública xa as coñecen, que xa no ano 2017, e nos anos anteriores llas tiñamos avanzado e que nunca se dignaron a chamarnos para discutilas persoalmente, que seguen a ser as mesmas, xa que ningunha das nosas peticións foron atendidas en ningún momento. E que evidentemente coa escasa “marxe de horas” coa que nos comunican a pretensión da administración, nos non permite facer valoración pormenorizada da mesa e que en todo caso,

Unha vez máis, solicitamos o que para nós é imprescindible: derogar moitos dos Reales Decretos-Lei que se nos veñen impondo ao persoal das administracións públicas dendo o ano 2010, entre outros: RD-Lei 8/2010, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público; RD-Lei 20/2011, de medidas urxentes en materia orzamentaria e tributaria para a corrección do déficit público, RD-Lei 20/2012, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade e todos aqueles Decretos-Leis e Leis que foron impostos polo goberno español relativos a reformas laborais, reforma negociación colectiva, modificacións das pensións... etc. e proceder a restitución de todos os dereitos laborais e salariais (horarios, pagas extras, salarios, 100% do salario en situación de IT, fondo social...) que lle foron arrebatados ao persoal empregado público desde o ano 2010. Recordamos, unha vez máis, que para nós este ten que ser o punto de partida para falar realmente de unha negociación e poder chegar a acordos coa Administración.

Para CIG-Área Pública este ten que ser o punto de partida para falar realmente de unha negociación e poder chegar a acordos coa Administración.

Non se poden separar emprego público e redución do emprego temporal do contido que terá o proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018 en canto a condicións laborais, económicas e demais do persoal das Admóns Públicas. Ambas cousas van unidas.

Os contidos de esa Mesa Xeral serán:

## **1.- EMPREGO PÚBLICO**

Taxa de reposición do 100% para sectores prioritarios tal e como se aprobou no 2017.

Sectores non prioritarios do 75% ( aumentar un 25% ao 50% que está establecido en este momento). Nos ámbitos de seguridade cidadá ( policía nacional, local.... ) 115%.

A intención da Admón é que cada administración poida dispoñer dun 5% adicional a engadir as taxas xéricas que se aproben, para calquera dos sectores que cada admón o estime convinte.

Establecer una taxa de reposición especial – sen definir- para a dotación de interventores na admón local.

Estas medidas, con ser necesarias e consideralas un avance, non solucionan o problema de falta de persoal nin deteñen a dinámica de destrución de emprego público imposto como consecuencia dos plans de redución de gasto; en todo caso estase a falar de postos de traballo que xa están ocupados na actualidade, nuns casos por persoal temporal ou interino, que se incluírán no plan de estabilización e noutros casos de postos ocupados por persoal fixo que, naqueles sectores considerados prioritarios, substituírse por persoal de novo ingreso nos supostos de xubilación.

Continúase coas limitacións normativas impostas as Admóns Públicas que ao impedir o incremento da masa salarial , así como limitar a incorporación de efectivos terán unha vez máis unha directa repercusión sobre a xestión dos recursos humanos. Esa taxa xeral de reposición do 75% para o resto dos sectores que non se consideran prioritarios , e ese 100% para os esenciais xa determina que a situación vai a ser de diminución de efectivos nas administracións públicas. Por tanto consideramos dende a CIG que non se debe de impoñer taxa de reposición , máxime cando durante estes últimos anos se produciron taxas reducidas con consecuencias nefastas para os cadros de persoal e para a calidade dos servizos públicos. Solicitamos tamén a transferencia ás CCAA de todo o relativo á materia de emprego público dentro do seu ámbito. Debe de corresponderlle ás CCAA a planificación e ordenación das súas ofertas de emprego público e non centralizalas no estado como esta a suceder a día de hoxe, como por exemplo na dotación persoal sanitario que en Galiza están a espera do que se acorde conxuntamente no estado español a día de hoxe.

**2.- ESTABILIZACIÓN PERSOAL ADMINISTRACIÓN:** Fálase de unha taxa de reposición adicional, que non se podería considerar como tal, e que sería xeral para todos os ámbitos, e que non computará na taxa xérica de reposición. Sería algo así como ampliar algo o texto e liña de actuación do último acordo que asinaron coas centrais sindicais sobre a estabilización do persoal das admóns públicas, falase de que se ampliaría para empresas, entes, organismos e demais de carácter público.

Máis unha vez recordamos que este plan de estabilización non recupera o emprego público perdido durante todos estes anos.

Os procesos de estabilización de emprego deben de ser negociados nos seus respectivos ámbitos , ( saúde, ensino, xutiza, concellos, ....) incluíndo o sistema de acceso.

**3.- RETRIBUCIÓNS PERSOAL ADMINISTRACIÓN:** Fálase de un acordo plurianual a intención da Admón é de un incremento fixo para tres anualidades :

Para o 2018 ----- 1,5%  
Para o 2019 ----- 1,75%  
Para o 2020 ----- 2%

E de una parte variable que estaría en función do PIB de cada ano e que consistiría en un 0,25% e un 0,50% adicionais si se cumpren previsións PIB para este ano 2018. Iria como medio ano de suba adicional e sería a partir de Xullo de 2018. Igual para os anos 2019 e 2020.

Nin que dicir ten que esta medida é inaceptable nun contexto de incremento de prezos e produto interior bruto por enriba do 3%. Non se propoñen medidas de ningún tipo para recuperar o poder adquisitivo perdido durante estes anos, que en conxunto se poden cifrar en un 27% para o persoal que traballa para a Admón do Estado e un 38,7% para o persoal que traballa no ámbito da administración da Xunta de Galiza. As diferenzas salariais e de condicións económicas entre o persoal das distintas administracións continuará sen converxer, sendo discriminatoria a carga da poder de perda adquisitiva que sufrimos os traballadores das administracións polo só feito de traballar para unha administración ou para outra.

Parécenos unha tomadura de pelo as e os traballadores das admóns públicas que se nos fale de recuperación de económica en relación ao perdido todos estes anos.

**En canto a recuperación de dereitos, nada de nada:** nin se fala dos recortes nos fondos de Acción Social, nin a actualización dos importes das pagas extraordinarias, nin da xornada laboral de 35 horas..... nin da reposición dos efectivos perdidos durante os anos de ausencia de oferta de emprego, o único que poñen enriba da mesa e o tema da :

#### **4.- INCAPACIDADE TEMPORAL**

Non van a modificar a regulación actual, pero din que se permitiría que se formalizasen acordos dentro dos ámbitos das distintas administración para que negociasen os catálogos de enfermidades e casos nos que non se fai recorte salarial por unha IT. Que pretenden crear grupo de traballo sobre tema absentismo laboral.

Esta proposta non se achega para nada a petición de restitución do dereito que tiñamos e que se nos foi roubado.

Analizado co escaso marxen de tempo que a esta central sindical nos foron achegadas as propostas, somos da opinión de que, a pesares da anunciada melloría da situación económica no Estado, non se reverte a dinámica dos últimos anos, na que se estivo recortando en dereitos e condicións de traballo do persoal ao servizo das Administracións Públicas para os axustes de gasto que reduzan o déficit orzamentario; e tendo remitido dende CIG-Área Pública propostas de cara a recuperación de emprego público así como para recuperación de dereitos laborais e sociais para o persoal ao servizo das Administracións Públicas que non foron tidas en conta en ningún momento e en ningún de estes anos , **é polo que, máis unha vez, non podemos dar a nosa aprobación a estas medidas. E volvemos a denunciar o paripé que supón a sinatura de un acordo que se trae a ratificar a unha mesa xeral a que valeiran de contido real de negociación con estas actuacións.**

. Área Pública da CIG  
21 de setembro de 2017